

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE**

RESOLUCIÓN do 30 de xaneiro de 2023, da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, pola que se publica a Resolución do 27 de xaneiro de 2023, pola que se selecciona unha entidade privada sen ánimo de lucro para a concertación, mediante procedemento de asignación de concerto social, da execución do Programa de promoción e apoio ao acollemento familiar especializado con dedicación exclusiva de nenos, nenas e adolescentes en situación de desprotección, incluído dentro do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU (código de procedemento BS213E).

A través da Resolución do 17 de outubro de 2022, da Consellería de Política Social e Xuventude, pola que se publica a convocatoria, mediante procedemento de asignación de concerto social, da execución do programa de promoción e apoio ao acollemento familiar especializado con dedicación exclusiva de nenos, nenas e adolescentes en situación de desprotección, incluído dentro do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU (código de procedemento BS213E), convocouse o procedemento de selección de entidade privada sen ánimo de lucro para a execución do Programa de promoción e apoio ao acollemento familiar especializado con dedicación exclusiva aos nenos, nenas e adolescentes en situación de desprotección.

A epígrafe 6 da cláusula M) do anexo I da Resolución do 17 de outubro de 2022 establece que a resolución de concertación será publicada no *Diario Oficial de Galicia* e a publicación terá os efectos de notificación, consonte o artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, serán igualmente obxecto de publicidade a través da páxina web da Consellería de Política Social e Xuventude.

Polo exposto,

RESOLVO:

Primeiro. Ordenar a publicación no *Diario Oficial de Galicia* do contido íntegro da Resolución do 27 de xaneiro de 2023, ditada no procedemento BS213E, de selección de entidade privada sen ánimo de lucro para a execución do Programa de promoción e apoio ao acollemento familiar especializado con dedicación exclusiva de nenos, nenas e adolescen-

CVE-DOG: l3l9ljx2-v223-crp4-g558-q3xyjw1bv7



tes en situación de desprotección, incluído dentro do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, que se xuntará á presente resolución no anexo.

Segundo. Comunicar que a Resolución do 27 de xaneiro de 2023 que finaliza este procedemento esgota a vía administrativa e contra ela poderá interporse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a a partir do día seguinte ao da publicación deste resolución no *Diario Oficial de Galicia*, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Terceiro. Unha vez notificada a resolución polo órgano competente, procederase á formalización do concerto coa entidade seleccionada.

A formalización deste concerto social, de acordo co establecido no artigo 19 do Decreto 229/2020, do 17 de decembro, polo que se desenvolve o réxime de concertos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, farase mediante un documento administrativo dentro dos 30 días seguintes ao da publicación da resolución de concertación.

O concerto social perfeccionarase coa súa formalización e non se poderá iniciar a súa execución sen terse efectuado esta previamente.

Efectuada a formalización, a entidade concertada estará obrigada a prestarlles ás persoas usuarias os servizos sociais nas condicións establecidas na normativa sectorial aplicable, na resolución da convocatoria do concerto social e, de ser o caso, nos criterios de preferencia e selección da entidade.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2023

Jacobo José Rey Sastre
Director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

ANEXO

Resolución do 27 de xaneiro de 2023 pola que se selecciona unha entidade privada sen ánimo de lucro para a concertación, mediante procedemento de asignación de concerto social, da execución do Programa de promoción e apoio ao acollemento familiar especiali-

CVE-DOG: i3i9ijx2-v223-crp4-g558-q3xyjw1bv7



zado con dedicación exclusiva de nenos, nenas e adolescentes en situación de desprotección, incluído dentro do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU (código de procedemento BS213E).

A través da Resolución do 17 de outubro de 2022, da Consellería de Política Social e Xuventude, pola que se publica a convocatoria, mediante procedemento de asignación de concerto social, da execución do Programa de promoción e apoio ao acollemento familiar especializado con dedicación exclusiva de nenos, nenas e adolescentes en situación de desprotección, incluído dentro do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU (código de procedemento BS213E), convocouse o procedemento de selección de entidade privada sen ánimo de lucro para a execución do Programa de promoción e apoio ao acollemento familiar especializado con dedicación exclusiva de nenos, nenas e adolescentes en situación de desprotección.

Unha vez examinadas as solicitudes polo órgano instrutor, avaliadas as ditas solicitudes pola Comisión de Valoración, vista a proposta de resolución formulada pola Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica,

RESOLVO:

Primeiro. Seleccionar para levar a cabo a execución do Programa de promoción e apoio ao acollemento familiar especializado con dedicación exclusiva de nenos, nenas e adolescentes en situación de desprotección, á seguinte entidade, en aplicación dos criterios de valoración e baremo da cláusula O) do anexo I da Resolución do 17 de outubro de 2022, publicada o 31 de outubro de 2022 no *Diario Oficial de Galicia* nº 207.

Consonte os criterios de valoración reflectidos no texto da resolución, a Comisión de Valoración establece a seguinte puntuación para as entidades presentadas ao concerto:

– Calidade do proxecto técnico e instalacións en que se levará a cabo o servizo:

Criterios para a selección da entidade adxudicataria	Aldeas Infantiles SOS-Galicia	Faiben-Manaia
Sensibilización, difusión e captación	9,5	4,25
Proxecto formativo	5,75	2,5
Proxecto de intervención	13	5
Calidade do sistema de avaliación	4,5	1



Criterios para a selección da entidade adxudicataria	Aldeas Infantiles SOS-Galicia	Faiben-Manaia
Instalacións: dimensións, distribución e espazos	4,5	2
Instalacións: conservación e accesibilidade	3	1
Total calidade do proxecto técn. e instalación	40,25	15,75

– Medidas de conciliación da vida persoal, familiar e laboral, e corresponsabilidade:

Criterios para a selección da entidade adxudicataria	Aldeas Infantiles SOS-Galicia	Faiben-Manaia
Medidas de conciliación da vida persoal, familiar e laboral	0	0
Experiencia do persoal asignado ao proxecto	14	7
Formación do persoal asignado ao proxecto	15	15
Experiencia acreditada da entidade no ámbito de protección á infancia e adolescencia	10	10
Total medidas conciliación	39	32

Total de puntuación de criterios	Aldeas Infantiles SOS-Galicia	Faiben-Manaia
	79,25	47,75

Segundo. Adxudicar o concerto social do xeito que a seguir se indica polo importe que se sinala á entidade seguinte:

Entidade:	Aldeas Infantiles SOS Galicia de Vigo
NIF:	G36639896

Código de procedemento: BS213E.

Modalidade de concertación: procedemento de asignación de concertos.

Data de publicación: 31.10.2022.

Prazo de execución: o prazo de duración do concerto será desde a data da súa formalización ata o 31.12.2023.



O importe de adxudicación (exento de IVE) é o seguinte:

Distribución da previsión de disposición de fondos MRR (previsión para 30 NNA)	
Tipo de custo	Ano 2023 (11 meses)
A) Custos tramo fixo	174.186,65 €
a.1) Custo de persoal	142.716,57 €
a.2) Custos indirectos	31.470,08 €
B) Custos tramo variable	639.397,00 €
b.1) Custos da dedicación exclusiva da familia acolledora	495.000,00 €
b.2) Custos de manutención de 30 NNA acollidos	144.397,00 €
Total	813.583,65 €

Terceiro. Asinar o concerto social coa entidade seleccionada dentro dos 30 días seguintes ao da publicación das resolucións de concertación, segundo indica o artigo 19 do Decreto 229/2020, do 17 de decembro, polo que se desenvolve o réxime de concertos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Cuarto. A resolución de concertación será publicada no *Diario Oficial de Galicia* e a publicación terá os efectos da notificación, consonte o artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, tal como se indica no artigo 17.2 do Decreto 229/2020, do 17 de decembro.

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2023. Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Xuventude.

